

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº83/ Ano: 2024 / 1º xornal Mes de marzo/ Estado de preparar o capuchón

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Interesante aportación dun lector sobre as prácticas de tiro que realizaba a Escola Naval Militar de Marín nas proximidades da Illa de Ons. Páx. 1



REUNIÓN CAMAWUAIANA

Segunda reunión dos Camaweis de Ons, esta vez en Portonovo, no Restaurante "Pescador". Despois dun percorrido vitivinícola por este pobo mariñeiro, un gran xantar, con Alexuiano como anfitrión, fixo desta xornada un gran día Camawuaiano. Páx. 1



PARQUE ACTIVO


Novos Ventos, asociación de Beluso, programou unha observación micolóxica na Illa. Por diferentes motivos non se puido levar a cabo, pero a idea é moi interesante para outra convocatoria. Páx. 2

Política e reforestación en Ons. Tema a estudo. Páx. 3



ACTIVIDADES DO PARQUE PARA S. SANTA


O tempo non permitiu que se levaran a cabo, aínda que era unha boa programación. Páx. 2



Novo número de **AUNIOS**. Pronto terémolo nas nosas mans, con Ons como protagonista. Páx. 4



A Ruta Arqueolóxica dos Múrices. Moi interesante. Páx. 3



Esta Semana Santa inauguráronse en Ons a Sala Arqueolóxica no Centro de visitantes e a Ruta dos Múrices. Interesante. Páx. 6

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Con respecto á nova da homenaxe ao gardamáriña que faleceu no Buraco do Inferno de Ons, no ano 1963, publicada no Onstopus nº 78, páx. 1; un lector envíanos esta pequena reportaxe:

"HISTORIAS DE ONS"

Paseando polo peirao de Marín, se un bota a vista atrás, podería ver fondeados xusto na enseada da Escola Naval, uns curiosos artefactos moi grandes, de forma cadrada e pintados coma un xogo de xadrez. Cumpriaría remontarse para elo aos anos 50 e 60 do século pasado, en que eses aparellos eran usados como brancos sobre os que os barcos da Armada facía prácticas de tiro. Remolcábanse ate a vecindade da illa de Ons onde quedaban fondeados, ás veces varios días mentres duraban as prácticas. Nese tempo quedaba prohibida a navegación e a pesca en toda a contorna da illa, e contaban os mariñeiros, que os bombazos se sentían atronadores e non era raro que algún disparo pouco certo enviase á illa un proxectil. De feito, na actualidade, haberá uns poucos anos, apareceu na praia de Canexol un torpedo aparentemente sen carga que foi enviado á Escola Naval para a súa destrución.

Tampouco se libraba o propio territorio da illa de ser usado para o adestramento dos futuros oficiais de Infantería de Mariña, con prácticas de desembarco anfibio e orientación topográfica. Xustamente, nunha desas prácticas no ano 1963, se precipitou polo buraco do inferno un alumno que nunca foi encontrado, a pesares de que a tripulación do destrutor Almirante Antequera realizase unha intensa busca ao longo de varios días.

Agradezo esta colaboración e convídoos a que, para o próximo número de AUNIOS (2025), realice un artigo máis amplo sobre esta temática.



Albos de tiro na Escola Naval de Marín.

2ª REUNIÓN CAMAWUAIANA NO RESTAURANTE PESCADOR (PORTONOVO)

Despois da realizada no mes de decembro co tino do Nadal, agora os Camawueis celebran a de primavera, un pouco adiantada por mor da Semana Santa, normalmente facíase a finais de marzo.



CONTOS DE TABERNA

Andando á procura duns datos sobre dornas, atopei esta foto en internet. Chamoume a atención o nome, e quixen pescudar.

Resulta que o noso común amigo camawuaiano <Pelón>, gran afeccionado ao mar, á náutica e á navegación a vela, sabendo que estábamos a investigar sobre as dornas da Illa de Ons, non se lle ocorreu outra cousa que apadriñar unha dorna.

E aquí a temos, co seu nome postizo na banda de estribor que, polo feito de darlle máis grandeza, no canto de rematar en "N", quixo poñela con "M".

Todo un artista este <Pelón/M>.

Foto: Non sei quen é o mariscador, nin onde se fixo a foto, pero agradezo a súa utilización. <https://www.piraguilla.com/illa-de-arousa/puertos-illa-de-arousa/>



Observación Micolóxica en Ons

Despois de varios anos dando a idea da organización, por parte de Parques, dunha Excursión Micolóxica á Illa de Ons durante o outono, foi unha Asociación cultural, “Novos Ventos” de Beluso, a que tomou a iniciativa para desenvolvela.

Consideramos esta Actividade unha idea espléndida para coñecer o mundo micolóxico desta Illa. Como xa dixéramos no seu momento, Parques só tiña que poñerse en contacto con calquera Asociación Micolóxica da provincia, preferiblemente a de Liboreiro de Bueu que xa fixo algún estudo sobre ela, e programar unha ou varias visitas co fin de achegar o mundo dos fungos e cogomelos de Ons, así como o seu estudo, a todo aquel que estea interesado.

Parabéns para a Asociación “Novos Ventos” e pedirilles que para o ano organicen esta mesma actividade en meses máis adecuados ao tema micolóxico, só polo feito, de ser máis atractivo o evento ao poder amosar máis especies.

A 14 de marzo coñecemos que esa Excursión anulouse debido a non solicitar o permiso a tempo e considerar que sería mellor o realizala nun mes máis propicio para a observación.

Esperemos a poidan realizar no outono.



ACTIVIDADES PARQUE NACIONAL EN ONS NA SEMANA SANTA 2024 (10/03/2024)

Interesante que dende dúas semanas antes da Semana Santa, Parques informe sobre as Rutas Guiadas a facer pola Illa de Ons. Segundo podemos ver na súa páxina web, estas son as programadas:

“Rutas guiadas gratuítas nas illas durante a Semana Santa e o verán”.

Durante estes períodos ofrécese rutas guiadas a diario cos guías propios do Parque. Algunhas rutas están especificamente deseñadas para familias con menores. Para participar nas rutas que se ofrecerán en Ons pódese facer presencialmente na caseta de información da illa o día da túa visita (ata completar as prazas) ou reservar praza previamente a través da web de reservas de parques nacionais (www.reservasparquesnacionales.es) nalgunhas das rutas ofrecidas. As rutas ofrecidas con pre-reserva esta Semana Santa son:

Ons: unha illa de 2 caras. Os días 24, 29, 30 e 31 de marzo, ás 12h.

Ruta guiada que percorre a illa de Ons pola súa parte central pasando polas inmediacións do faro e recorrendo todas as súas paisaxes: barrios aínda habitados, praias, cantís... Lonxitude da ruta: 4km. Ruta circular. Duración da ruta guiada: 2h aproximadamente, polo que aproximadamente ás 14h remataremos regresando á caseta de información...

Ofrécese rutas tamén para público familiar recomendadas para menores de idades comprendidas entre os 5 e os 12 anos:

Ons en familia: "a vista de paxaro". Luns 25 de marzo.

As aves da illa amosaranos os seus lugares favoritos. DURACIÓN da ruta: 3km. Ruta circular.

Interesantes estas Rutas, aínda que sabe a pouco no que respecta a actividades para a Semana Santa. Coido que sería un bo momento para ir programando a exposición e visualización dalgún vídeo ou documental sobre esta Illa no Centro de Visitantes con plans que se poidan compatibilizar en horarios de afluencia de visitantes de día e para os que pasan a noite na Illa.

Coidamos que Ons ten que ter actividades, loxicamente con quendas horarias para o persoal de Parques, que fagan que a estancia en Ons sexa ACTIVA e propia dun Parque Nacional.


Sería o xeito de conseguir un Turismo Activo e Dinámico, con tarefas e actos propios dun Parque destas características e que atraía cara a el, a persoas dispostas a interactuar co medio e coas posibilidades que este pode ofrecer, conseguindo así cativar a un visitante que busque en Ons, e nas demais illas do Parque, un contacto coa natureza, a historia,..., e cunha comunidade que lle ofrece a súa cultura como compensación.

Sabemos que, ás veces, non é doado conseguilo, pero aí está o traballo e a profesionalidade das persoas que traballan para facer máis dinámico este Parque Nacional.





O cámping da Illa de Ons vén de renovar a súa adhesión á Carta Europea de Turismo Sostible en Espazos Naturais Protexidos. **PARABÉNS** para a súa xerente que, como di o refrán: <Difícil ser profeta na túa terra>, pero ti si o conseguirás, aínda que teñas a toda a Administración na túa contra, porque non es quen de renderlles preitesía. Importante este recoñecemento por un turismo sostible e de calidade.



A RUTA DOS MURICES (18/03/2024)

Con enorme alegría e despois de máis de 40 anos solicitando e reivindicando investigación histórica e arqueolóxica en Ons, dende o ano 2021 o Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio da Universidade de Vigo, veñen realizando estudos e escavacións en Ons, saíndo á luz importantes achados.

Sobre este xacemento, que anteriormente, xa fora tocado por Fernando Alonso Romero, Acuña Castroviejo e no ano 2009 por Paula Ballesteros Arias. O día 16/03/2024 recibimos a nova de que se vai inaugurar, no **Centro de Visitantes de Ons**, unha sala dedicada a Arqueoloxía onde quedarán expostos moitos dos achados atopados, con paneis explicativos, das escavacións realizadas baixo a dirección do arqueólogo Adolfo Fernández durante os tres pasados anos,. Paralelamente, vaixe a poñer en funcionamento unha Ruta Arqueolóxica coñecida co nome de <Vía dos Múrices>, que non só pasará pola parte do xacemento de Canexol, senón que tamén tocará os castelos da Rueda e Pereiró, o Sarcófago Antropomorfo e, ao discorrer polo barrio de Canexol, tamén os Guías poderán informar sobre a Cova dos Mouros a carón do Castro, da casa agrícola de Canexol que posteriormente pasou a ser Reitoral e Escola, dos dous grandes piornos onde se gardaba o millo froito do pago da renda dos aunienses,..., sen que se esquezan de contos e lendas que están ligadas a esa interesantísima Vía. Alonso Romero, primeiro descubridor dun mosaico romano en Canexol, ao coñecer esta noticia dixo: "... espero poder algún día recorrerla para recordar los tiempos en los que imaginar la existencia de esa ruta cultural tan interesante era una pura fantasía".

Só resta dar os meus **parabéns** ao Parque Nacional e aos membros do Geaat, polo seu magnífico traballo, do que informarei máis polo miúdo no Especial Semana Santa.

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Un amigo manda unha suxestión con referencia ao tema, tan reivindicado neste minixornal, sobre a reforestación:

"Amigo Tino, antes de nada dache as miñas felicitacións por este estupendo noticiario que nos pon ao día sobre as novas de Ons, que de non ser por ti, pasarían desapercibidas.

O meu comentario vai en relación ao tema da tala de árbores que está a levar o Parque Nacional en Ons e nas demais illas. Vaia por diante que eu estou en contra dos eucaliptos, pero chama a atención que os políticos que no seu día defenderon, sobre todo en Pontevedra, a plantación desa especie para darlle un pulo a Ence, agora, léase Consellería de Medio Ambiente, estea en contra deles. Pero sabemos como son os políticos, hoxe si e mañá non, ou viceversa.

Eu, teño que dicilo, estou de acordo coa tala, pero estou totalmente ao teu favor sobre unha necesaria reforestación con especies autóctonas; cousa que non se está a facer en Ons. Como ti dixeches, ou insinuaches, será porque só piden subvencións para talar? Sería importante que os políticos da oposición soliciten información ao respecto e pidan números á Conselleira para saber como se empregan eses cartos das subvencións, con todo tipo de datos. Quizais poderíamos levarnos algunha sorpresa!!!


Grazas compañeiro pola túa suxestión. Teño que dicirche que eu non son experto como para dicir se son bos ou malos os eucaliptos, iso déixoo nas mans dos técnicos pero, como ben dis, se é necesario cortalos, considero tan necesario tamén a reforestación con especies autóctonas.

Con respecto a isto, liamos onte na prensa (12/03/2024), como o departamento que dirixe a Conselleira Ethel Vázquez (que considero a mellor conselleira que estivo ao cargo da consellería de Medio Ambiente no seu momento. 2012), o corredor do Morrazo comezou a convertelo no primeiro Corredor Verde de Galicia, cortando eucaliptos e reforestando con: carballos, abeleiras, bidueiros, freixos,..., o que demostra a súa profesionalidade. Podo asegurar que, daquela, de non propoñerlle o Presidente da Xunta un posto de máis responsabilidade e quedara na Consellería de M. Ambiente, o Parque Nacional das Illas Atlánticas hoxe, e coido que non me equivoco, tería un funcionamento mellor, dende o punto de vista político.

Praia de Melide, totalmente deforestada.



VAI DE REVISTA E BOLETÍN



BOLETÍN Nº 0, DA ASOCIACIÓN IRMANDADE ILLA DE TAMBO

Comenta Claudio Quintillán sobre este boletín: “*Que pretende ser un soporte a todas aquelas cuestión e novas que teñan como epicentro a Illa de Tambo.*”

Interesante iniciativa desta Asociación que, ao igual que Pineiróns, pero para distinta illa, queren abrir portas para o seu estudo e investigación, co fin de dotala de mellor protección ambiental e salvagardar o seu patrimonio cultural e histórico. Dámoslle a benvida e esperamos que teña unha singradura acorde aos obxectivos que pretenden dende a Asociación que de seguro redundará na súa aposta en valor patrimonial.


REVISTA CULTURAL <AUNIOS> Nº 29

Cando isto escribo, 18/03/2024, vimos de recibir de imprenta a proba do nº 29 da revista cultural AUNIOS que edita, dende hai 26 anos, a Asociación Cultural “Pineiróns”.

Estamos en fase de revisión e corrección dos posibles erros que se puideron cometer e esperamos que despois da Semana Santa, a mediados do mes de abril, xa a poidamos presentar.

Como vén sendo habitual, os seus artigos están relacionados coa Illa de Ons, como principal obxectivo, e nos últimos quince anos e debido á súa relación con esta illa, temos colaboracións que falan da súa zona de influencia que vai dende a bisbarra do Barbanza ata a do Morrazo, tendo como principais puntos de traballo O Grove e a bisbarra do Salnés.

Aunios está a ter un enorme éxito tanto polos interesantes artigos que contén como pola aposta dos membros de Pineiróns de facela chegar a todas as áreas culturais de Galicia: Arquivos, Museos, Bibliotecas, Universidade, Centros de Ensino de Bacharelato e Primaria, Organismos Oficiais e Casas de Cultura, Asociacións, Centro Galegos,..., que nola solicitan, sen esquecermos que poden consultala na páxina de Internet: <http://www.bueu.esy.es>



SOBRE A ILLA DE ONS

Neste número 29, e como levamos facendo dende que saíu a revista hai 26 anos, seguimos coa nosa teima de abrir portas para a investigación sobre as características desta illa, para que persoas especialistas e dun xeito técnico-científico investiguen sobre elas.

Tamén, ao seu carón, miramos de dar a coñecer as peculiaridades históricas desta Comunidade que durante máis de 150 anos foi forxando unha Cultura Popular única que necesita darse a coñecer.

En Aunios 29 atoparemos sobre Ons, varios artigos moi interesantes. O redactor deste minixornal, **Tino Pardellas**, da remate ao tema da Santa Compañía en Ons aportando uns datos que quedarán sen tocar en anteriores artigos. Tamén participa en dous traballos máis. Un xunto a **Fernando Trigo** dando a coñecer a figura dun personaxe que foi clave no 1810 nos cambios que se produciron na Illa, e noutro, asinado tamén por **Anxo López**, sobre un curioso mapa de 1800 que pode abrir unha porta á investigación sobre as Accións de Primeira Clase. **Arturo Sánchez Cidrás** fai a primeira entrega sobre a historia do transporte entre Ons e Bueu. **Dopazo Entenza**, dá a coñecer a illa de mediados dos anos 50 cuns relatos saídos da boca do matrimonio auniense Francisco e Benedita. Neste número homenaxeamos a Fariña Jamardo e diso encárgase **Calo Lourido** que nos fala da súa vida, obra e o traballo realizado sobre Ons. E membros da **Asociación Cultural Pineiróns**, dan as súas suxestións sobre as posibilidades culturais do Faro de Ons.

Completan a revista magníficos artigos sobre O Grove e a comarca do Salnés asinados por: **Avelino Ochoa**, sobre historia da Lanzada. **Ferrer Jaureguizar** sobre a relación de barcos que transportaban aos galegos cara a Cuba. **Lino Pazos** e **Francisco Meis** sobre dous personaxes ligados á illa da Toxa: o Sr. Poch e o sacerdote Salgueiro Blanco. **Damian Cousido** fai un repaso-corrección ao libro sobre aves que escribiu hai 30 anos sendo un alumno da EGB. **Patricia Ariás** escribe sobre o poeta Antón Tovar. **Emilio Insua** fálanos dun meco de pro Xan Fuentes. **Jacobo Fernández** fai un percorrido pola historia do ciclo “Cultivando o Mar”. **José Taboada** cóntanos unha curiosa historia de como un sarxento da Garda Civil descubriu ao autor dun asasinato. O Arqueólogo **Adolfo Fernández**, xunto o seu equipo, escriben sobre o pasado e presente do xacemento de Adro Vello. **Xosé Fuentes** relata a historia dun naufraxio vivido en primeira persoa. **González Crespán** fala sobre a contaminación lumínica e xa por último **Fernández Pazos** cóntanos o recoñecemento dende hai cen anos ás Heróínas do naufraxio do Santa Isabel en Sálvora.

EXTRAÑOS PEIXES APARECIDOS NAS REDES DOS PESCADORES DE CANGAS, NAS PROXIMIDADES DAS ILLAS CÍES



O noso correspondente para a zona da ría de Vigo e Illas Cíes, Alvarito, faime chegar estas fotos de estraños peixes e crustáceos que van caendo nas redes de pescadores da Confraría de Cangas. É de imaxinar que a Consellería do Mar e Parques teñan coñecemento destas capturas co fin de poder iniciar estudos de investigación con respecto a eles e aclarar a súa procedencia e o por que se están atopando nesta ría.

A ILLA DE ONS DISCRIMINADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE



Tendas de campaña do Campo de Traballo en Ons nos anos 80, sec.XX.

CAMPOS DE VOLUNTARIADO EN CÍES. E EN ONS?

Dende o ano 1980 en Ons e Cíes montábanse Campos de Traballo para mozos de entre 18 e 30 anos. Para asistir tiñan que pagar, pero era moi reconfortante polo traballo que desenvolvían e o compañeirismo que se respiraba.

O seu traballo era ímprobo e moi necesario. As quendas eran de 15 días e, diariamente en grupos, realizaban traballos de mantemento no propio campamento, e baixo a supervisión dos traballadores de Medio Ambiente, realizaban faenas medioambientais, reparacións de camiños, axuda á rehabilitación de fontes, limpeza xeral de praias, ..., e nos anos duros de incendios en Ons (1982-1986) colaboraron moi intensamente para sufocar eses lumes.

Sen entender o por que, hai xa uns anos, eses Campos desapareceron de Ons, sen embargo si continuaron nas Cíes, iso si, con outro nome: Campos de Voluntariado, e con quendas case iguais ás anteriores.

Non entendemos esta discriminación, e menos, nunhas Consellerías como a de Política Social e de M. Ambiente, que xunto co Presidente da Xunta poñen o berro no ceo e falan de discriminación cando, dende o Goberno Central, favorécese politicamente a unha Comunidade Autónoma en concreto en detrimento das demais e, sen embargo, eles actúan do mesmo xeito favorecendo, dentro do Parque Nacional, a unha illa en concreto, Cíes, en detrimento das outras, en especial de Ons que ten unhas necesidades iguais ou maiores que Cíes ao ser unha Illa Habitada. *Por que Xuventude discrimina á Illa de Ons?*

Esta Semana Santa, entre un potente catarro e logo a meteoroloxía, quedamos sen poder ir a Ons, polo que, a páxina que dedicabamos estes anos a **FOTOS e COMENTARIOS da SEMANA SANTA**, queda reducida a estas fotos de Parques, Alvarito e Adrián.



Limpeza na zona das Xabreiras. Será porque van a iniciar a reforestación da zona ou preparamos para que a veciñanza volva á agricultura?




Inaugurada nova Ruta Arqueolóxica. A RUTA DOS MÚRICES

Este tema tratarémolo nun especial máis adiante, cando podamos achegarnos a Ons e percorrela. Considéroa moi interesante e ilustrativa, esperamos que realizada dun xeito profesional, por especialistas e que redundará nun mellor coñecemento da arqueoloxía auniense. Por agora só felicitar ao equipo de arqueólogos que a fixeron posible e ao Parque pola súa divulgación.



INAUGURACIÓN DA SALA ARQUEOLÓXICA NO CENTRO DE VISITANTES

Outra interesante decisión do Parque de ilustrar ao visitante cunha sala dedicada á Arqueoloxía auniense. Coidamos que irase aumentando a medida que vaian xurdindo máis achados e que, paralelamente, pensen en preparar outro espazo neste Centro dedicado á importancia Etnografía auniense.



As salas Etnográficas aínda requirirán nun futuro próximo, unha maior aportación, estudo e traballo de exposición.

